# Exercicios con solución

1. - Indica catro tipos diferentes de bens, dous de dereitos, e outros dous de obrigas.

2. - Os elementos patrimoniais dunha empresa son os seguintes: edificios 300, maquinaria 100, préstamos bancarios a devolver a tres anos 150, clientes 200, débedas con provedores 100, e diñeiro en efectivo 50

a) Representa o Patrimonio Neto de acordo co seguinte esquema:

| ACTIVO | PATRIMONIO NETO + PASIVO |
|---|---|
| Activo non Corrente | Patrimonio Neto |
| Activo Corrente | Pasivo |

Estrutura económica — Estrutura financeira

b) Comproba que se cumpre a ecuación fundamental do patrimonio

**3**

1. Identifica os seguintes conceptos cos de ACTIVO, PASIVO ou NETO sinalando cunha "X" na columna que corresponda:

| **Conceptos** | **ACTIVO** | **PASIVO** | **PATRIMONIO NETO** |
|---|---|---|---|
| Bens | | | |
| Dereitos | | | |
| O que temos | | | |
| O que nos deben | | | |
| O que debemos | | | |
| Obrigas | | | |
| Investimentos | | | |
| Financiamento | | | |
| Fondos propios | | | |
| Capital | | | |
| Reservas | | | |
| Beneficios deste ano | | | |
| Beneficios do ano pasado | | | |
| Préstamos recibidos | | | |
| Diñeiro en efectivo | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Débedas | | | |
| Debedores | | | |
| Acredores | | | |
| Provedores | | | |
| Clientes | | | |

**4**

Contas:

| | |
|---|---|
| Capital social.<br>Propiedade industrial.<br>Aplicacións informáticas.<br>Equipos para procesos de información.<br>Terreos e bens naturais.<br>Construcións.<br>Mobiliario.<br>Investimentos en terreos e bens naturais.<br>Investimentos financeiros a l.p. en instrumentos de patrimonio.<br><br>Mercadorías.<br>Investimentos financeiros a c.p. en instrumentos de patrimonio.<br>Bancos e institucións de crédito c/c vista, euros. | Provedores.<br>Provedores, efectos comerciais a pagar.<br>Provedores de inmobilizado a curto prazo.<br>Acredores por prestacións de servizos.<br>Clientes.<br>Clientes, efectos comerciais a cobrar.<br>Debedores.<br>Debedores, efectos comerciais a cobrar.<br><br>Organismos da Seguridade Social, debedores.<br>Facenda Pública, acredora por conceptos fiscais.<br>Débedas a curto prazo con entidades de crédito.<br>Caixa, euros. |

**Pídese:** Indica con cál das contas anteriores representaremos os seguintes elementos patrimoniais:

| Elemento patrimonial | Conta |
|---|---|
| Efectivo no noso poder | |
| Diñeiro nunha conta corrente | |
| Facturas pendentes de cobramento pola venda de mercadorías | |
| Ordenadores das oficinas | |
| Ordenadores se somos un comercio de informática | |
| Unha patente da nosa propiedade | |
| Cadeiras e estantes das oficinas | |
| Factura pendentes de pagamento pola compra destas cadeiras e estantes | |
| Local comercial onde traballa a empresa | |
| Soar do local comercial | |
| Terreo que compramos como inversión | |
| Accións de Repsol que temos para especular | |
| Facturas pendentes de pagamento pola compra de mercadorías | |
| Facturas pendentes de pagamento pola prestación de servizos | |
| Letras aceptadas por nós a un ano ou menos pola | |

| | |
|---|---|
| compra de mercadorías | |
| Letras de cambio pendentes de cobramento, aceptadas polos nosos clientes | |
| Cantidade que se lle debe a FENOSA pola subministración eléctrica | |
| Importe que nos debe a Seguridade Social pola prestación a un dos nosos empregados | |

**5**

Enche o cadro seguinte, contestando a estas tres cuestións:

- Na primeira columna, se se representa bens (B), dereitos (D) ou obrigas (O).
- Na segunda columna indica se a conta é de activo (A), pasivo (P) ou patrimonio neto (N).
- Na terceira se é corrente ou non corrente.

| Caixa | **B** | **A** | **Activo corrente (Efectivo)** |
|---|---|---|---|
| Bancos, c/c | | | |
| Mercadorías | | | |
| Terreos | | | |
| Construcións | | | |
| Maquinaria | | | |
| Equipos para procesos de información | | | |
| Aplicacións informáticas | | | |
| Mobiliario | | | |
| Elementos de transporte | | | |
| Provedores | | | |
| Provedores, efectos comerciais a pagar | | | |
| Provedores de inmobilizado a longo prazo | | | |
| Clientes | | | |
| Clientes, efectos comerciais a cobrar | | | |
| Provedores de inmobilizado a curto prazo | | | |
| Débedas a curto lazo | | | |

6 ¿Que é o balance dunha empresa?

7 ¿Que é a conta de perdas e ganancias dunha empresa?

8 ¿Cales son os libros contables obrigatorios que deben levar as empresas?

9 ¿Que é a memoria?

10. Ferros ZIANUM S.A.L., durante o exercicio económico obtivo as seguintes partidas na Conta de Perdas e Ganancias:

| | | | |
|---|---|---|---|
| Compras de materias primas | 7.000 | Vendas de ferros | 19.000 |
| Enerxía eléctrica | 1.000 | Amortizacións | 1.000 |
| Gastos de persoal | 8.000 | Gastos financeiros | 700 |
| Perda pola venda dun vehículo | 500 | Ingresos financeiros | 200 |

Calcular os distintos resultados da conta de perdas e ganancias sabendo que o tipo impositivo é do 30%.

**11** Confeccionar a Conta de Perdas e Ganancias da empresa POOL S.A. da que sabemos os datos seguintes: resultados de explotación, 30.000; ingresos financeiros, 600; gastos financeiros, 2.000. O imposto de sociedades é do 30%.

**12**.- A empresa MOVILES S.A. ten os seguintes elementos patrimoniais a 31-12-2008 (valorados en Euros):
Elementos de transporte: 40.000
Terreos: 60.000
Amortización acumulada das construcións ata a data: 5.000
Débedas a curto prazo: 4.000
Débedas a longo prazo: 10.000
Mobiliario: 2.000
Edificios: 24.500
Provedores: 4.000
Clientes: 5.500
Mercadorías: 15.000
Capital: 99.500
Reservas: 27.000
Bancos: 2.500
Pídese:
Elaborar o balance de situación desta empresa agrupando as contas en masas patrimoniais.

**13**. - A sociedade TEMPO SA presenta a seguinte información correspondente aos exercicios 2006 e 2007 (en euros):

| | Bancos c/c | Construcións | Débedas a curto prazo | Maquinaria | Provedores | Clientes | Mercadorías | Débedas a longo prazo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2006 | 30.000 | 180.000 | 45.000 | 14.000 | 22.000 | 45.000 | 70.000 | 60.000 |
| 2007 | 51.000 | 140.000 | 45.000 | 14.000 | 26.000 | 60.000 | 68.000 | 70.000 |

Pídese:

Clasifica o balance en masas patrimoniais e calcula a cifra de capital para cada un dos exercicios.

**14**. - A empresa POLOSUR S.A. presenta a 31 de decembro de 2005, os seguintes saldos para as contas que afectan aos resultados (expresados en Euros):
Compras de mercadorías: 123.000
Vendas de mercadorías: 80.000
Salarios de persoal: 95.000
Intereses cobrados dunha conta corrente: 114.000
Gastos de teléfono: 11.000
Gastos de luz: 11.500
Intereses pagados ao banco por un préstamo: 117.000
Perdas procedentes da venda dun vehículo propiedade da empresa: 20.000
Pídese:
Elaborar a conta de Perdas e ganancias (tipo impositivo: 30%).

# Solución

**1**. - Indica catro tipos diferentes de bens, dous de dereitos, e outros dous de obrigas.

**Bens**: unha mesa e un ordenador.

**Dereitos**: Unha débeda de un cliente e unha letra de cambio para cobrar.

**Obrigas**: Un préstamo bancario e unha letra de un automóbil.

**2**. - Os elementos patrimoniais dunha empresa son os seguintes: edificios 300, maquinaria 100, préstamos bancarios a devolver a tres anos 150, clientes 200, débedas con provedores 100, e diñeiro en efectivo 50

a) Representa o Patrimonio Neto de acordo co seguinte esquema:

| Activo | Patrimonio Neto + Pasivo |
|---|---|
| Activo non Corrente<br>300+100 | Patrimonio Neto<br>**400** |
| Activo Corrente<br>200+ 50 | Pasivo<br>150+100 |
| Estrutura económica | Estrutura financeira |

b) Comproba que se cumpre a ecuación fundamental do patrimonio

**ACTIVO = PASIVO + PATRIMONIO NETO**

650 =250 + PN = > PN =650 - 250 =400

**3**.-Identifica os seguintes conceptos cos de ACTIVO, PASIVO ou NETO sinalando cunha "X" na columna que corresponda:

| **Conceptos** | **ACTIVO** | **PASIVO** | **PATRIMONIO NETO** |
|---|---|---|---|
| Bens | **X** | | |
| Dereitos | **X** | | |
| O que temos | **X** | | |
| O que nos deben | **X** | | |
| O que debemos | | **X** | |
| Obrigas | | **X** | |
| Investimentos | **X** | | |
| Financiamento | | **X** | **X** |
| Fondos propios | | | **X** |
| Capital | | | **X** |
| Reservas | | | **X** |
| Beneficios deste ano | | | **X** |
| Beneficios do ano pasado | | | **X** |
| Préstamos recibidos | | **X** | |
| Diñeiro en efectivo | **X** | | |
| Débedas | | **X** | |
| Debedores | **X** | | |
| Acredores | | **X** | |
| Provedores | | **X** | |
| Clientes | **X** | | |

**4**

Contas:

| | |
|---|---|
| *Capital social.* | *Provedores.* |
| *Propiedade industrial.* | *Provedores, efectos comerciais a pagar.* |
| *Aplicacións informáticas.* | *Provedores de inmobilizado a curto prazo.* |
| *Equipos para procesos de información.* | *Acredores por prestacións de servizos.* |
| *Terreos e bens naturais.* | *Clientes.* |
| *Construcións.* | *Clientes, efectos comerciais a cobrar.* |
| *Mobiliario.* | *Debedores.* |
| *Investimentos en terreos e bens naturais.* | *Debedores, efectos comerciais a cobrar.* |
| *Investimentos financeiros a l.p. en instrumentos de patrimonio.* | *Organismos da Seguridade Social, debedores.* |

| | |
|---|---|
| *Mercadorías.*<br>*Investimentos financeiros a c.p. en instrumentos de patrimonio.*<br>*Bancos e institucións de crédito c/c vista, euros.* | *Facenda Pública, acredora por conceptos fiscais.*<br>*Débedas a curto prazo con entidades de crédito.*<br>*Caixa, euros.* |

**Pídese:** Indica con cál das contas anteriores representaremos os seguintes elementos patrimoniais:

| Elemento patrimonial | Conta |
|---|---|
| Efectivo no noso poder | **Caixa, euros.** |
| Diñeiro nunha conta corrente | **Bancos e institucións de crédito c/c vista, euros.** |
| Facturas pendentes de cobramento pola venda de mercadoría | **Clientes** |
| Ordenadores das oficinas | **Equipos para procesos de información.** |
| Ordenadores se somos un comercio de informática | **Mercadorías** |
| Unha patente da nosa propiedade | **Propiedade industrial.** |
| Cadeiras e estantes das oficinas | **Mobiliario** |
| Factura pendentes de pagamento pola compra destas cadeiras e estantes | **Provedores de inmobilizado a curto prazo.** |
| Local comercial onde traballa a empresa | **Construcións** |
| Soar do local comercial | **Terreos e bens naturais.** |
| Terreo que compramos como inversión | **Investimentos en terreos e bens naturais.** |
| Accións de Repsol que temos para especular | **Investimentos financeiros a curto prazo en instrumentos de patrimonio.** |
| Facturas pendentes de pagamento pola compra de mercadorías | **Provedores** |
| Facturas pendentes de pagamento pola prestación de servizos | **Acredores por prestacións de servizos.** |
| Letras aceptadas por nós a un ano ou menos pola compra de mercadorías | **Provedores, efectos comerciais a pagar.** |
| Letras de cambio pendentes de cobramento, aceptadas polos nosos clientes | **Clientes, efectos comerciais a cobrar.** |
| Cantidade que se lle debe a FENOSA pola subministración eléctrica | **Acredores por prestacións de servizos.** |
| Importe que nos debe a Seguridade Social pola prestación a un dos nosos empregados | **Organismos da Seguridade Social, debedores.** |

**5**

Enche o cadro seguinte, contestando a estas tres cuestións:

- Na primeira columna, se se representa bens (B), dereitos (D) ou obrigas (O).
- Na segunda columna indica se a conta é de activo (A), pasivo (P) ou patrimonio neto (N).
- Na terceira se é corrente ou non corrente.

| | | | |
|---|---|---|---|
| Caixa | **B** | **A** | **Activo corrente (Efectivo)** |
| Bancos, c/c | **B** | **A** | **Activo corrente (Efectivo)** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Mercadorías | **B** | **A** | **Activo corrente (Existencias)** |
| Terreos | **B** | **A** | **Activo non corrente (Inmobilizado material)** |
| Construcións | **B** | **A** | **Activo non corrente (Inmobilizado material)** |
| Maquinaria | **B** | **A** | **Activo non corrente (Inmobilizado material)** |
| Equipos para procesos de información | **B** | **A** | **Activo non corrente (Inmobilizado material)** |
| Aplicacións informáticas | **B** | **A** | **Activo non corrente (Inmobilizado intanxible)** |
| Mobiliario | **B** | **A** | **Activo non corrente (Inmobilizado material)** |
| Elementos de transporte | **B** | **A** | **Activo non corrente (Inmobilizado material)** |
| Provedores | **O** | **P** | **Pasivo corrente** |
| Provedores, efectos comerciais a pagar | **O** | **P** | **Pasivo corrente** |
| Provedores de inmobilizado a longo prazo | **O** | **P** | **Pasivo non corrente** |
| Clientes | **D** | **A** | **Activo corrente (Debedores)** |
| Clientes, efectos comerciais a cobrar | **D** | **A** | **Activo corrente (Debedores)** |
| Provedores de inmobilizado a curto prazo | **O** | **P** | **Pasivo corrente** |
| Débedas a curto lazo | **O** | **P** | **Pasivo corrente** |

**6** ¿Que é o balance dunha empresa?

O Balance representa o patrimonio da empresa recollendo, coa debida separación, **a estrutura económica** (bens e dereitos que constitúen o activo) e **a estrutura financeira** (fondos propios e os fondos alleos que constitúen o pasivo).

**7** ¿Que é a conta de perdas e ganancias dunha empresa?

A conta de perdas e ganancias proporciona o *resultado do exercicio económico* e contén na súa estrutura todos os gastos e ingresos do período. Comprenderá, coa debida separación, os ingresos e os gastos do exercicio e, por diferenza, o resultado obtido.

**8** ¿Cales son os libros contables obrigatorios que deben levar as empresas?

O artigo 25 do Código de Comercio establece que a contabilidade deberá levarse a través dos seguintes **libros obrigatorios:**

1. **Libro diario.** Rexistra día a día todas as operacións relativas á actividade da empresa.

2. **Libro de inventario e contas anuais.** Recolle os documentos seguintes:

**9** ¿Que é a memoria?

A Memoria é o documento que completa, amplía e comenta a información contida no balance e na conta de perdas e ganancias co fin de mostrar a imaxe fiel da empresa.

**10** . Ferros ZIANUM S.A.L., durante o exercicio económico obtivo as seguintes partidas na Conta de Perdas e Ganancias:

| | | | |
|---|---|---|---|
| Compras de materias primas | 7.000 | Vendas de ferros | 19.000 |
| Enerxía eléctrica | 1.000 | Amortizacións | 1.000 |
| Gastos de persoal | 8.000 | Gastos financeiros | 700 |
| Perda pola venda dun vehículo | 500 | Ingresos financeiros | 200 |

Calcular os distintos resultados da conta de perdas e ganancias sabendo que o tipo impositivo é do 30%.

| PERDAS E GANANCIAS | |
|---|---|
| **INGRESOS DE EXPLOTACIÓN** | **19.000** |
| Vendas e ingresos | |
| • Vendas de mercadorías | 19.000 |
| **GASTOS DE EXPLOTACIÓN** | **17.500** |
| Compras | |
| • Compra de materias primas | 7.000 |
| Servizos exteriores | |
| • Subministracións (Luz) | 1.000 |
| Gastos de persoal | |
| • Soldos e salarios | 8.000 |
| Amortización do inmobilizado | 1.000 |
| Deterioración e resultado por venta do inmobilizado | |
| • Perdas procedentes do inmobilizado material | 500 |
| **RESULTADOS DE EXPLOTACIÓN (+/-)=**<br>**INGRESOS DE EXPLOTACIÓN - GASTOS DE EXPLOTACIÓN** | **1.500** |

| | |
|---|---|
| INGRESOS FINANCEIROS<br>• Ingresos de valores representativos de débedas (renda fixa)<br>GASTOS FINANCEIROS<br>• Intereses de débedas | 200<br><br>700 |
| **RESULTADOS FINANCEIROS (+/-)** =<br>**INGRESOS FINANCEIROS - GASTOS FINANCEIROS** | **-500** |
| **RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS =**<br>**RESULTADOS DE EXPLOTACIÓN + RESULTADOS FINANCEIROS** | **1.000** |
| Menos Imposto sobre beneficios 30 % de 1.000 | 300 |
| **RESULTADO DO EXERCICIO (beneficio)** | **700** |

**11** Confeccionar a Conta de Perdas e Ganancias da empresa POOL S.A. da que sabemos os datos seguintes: resultados de explotación, 30.000; ingresos financeiros, 600; gastos financeiros, 2.000. O imposto de sociedades é do 30%.

| | |
|---|---|
| **RESULTADOS DE EXPLOTACIÓN (+/-)=**<br>**INGRESOS DE EXPLOTACIÓN - GASTOS DE EXPLOTACIÓN** | **30.000** |
| INGRESOS FINANCEIROS<br>• Ingresos de valores representativos de débedas (renda fixa)<br>GASTOS FINANCEIROS<br>• Intereses de débedas | 600<br><br>2.000 |
| **RESULTADOS FINANCEIROS (+/-)** =<br>**INGRESOS FINANCEIROS - GASTOS FINANCEIROS** | **-1.400** |
| **RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS =**<br>**RESULTADOS DE EXPLOTACIÓN + RESULTADOS FINANCEIROS** | **28.600** |
| Menos Imposto sobre beneficios* = 28.600 x 30% = | 8.580 |
| **RESULTADO DO EXERCICIO ( BENEFICIO )** | **20.020** |

**12**.- A empresa MOVILES S.A. ten os seguintes elementos patrimoniais a 31-12-2008 (valorados en Euros):
Elementos de transporte: 40.000
Terreos: 60.000
Amortización acumulada das construcións ata a data: 5.000
Débedas a curto prazo: 4.000
Débedas a longo prazo: 10.000
Mobiliario: 2.000
Edificios: 24.500
Provedores: 4.000
Clientes: 5.500
Mercadorías: 15.000
Capital: 99.500
Reservas: 27.000
Bancos: 2.500
Pídese:

Elaborar o balance de situación desta empresa agrupando as contas en masas patrimoniais.

| ACTIVO | | PASIVO MAIS NETO | |
|---|---|---|---|
| **Activo non corrente** | **121.500** | | |
| Terreos<br>Construcións<br>Amortización acumulada construcións<br>Mobiliario<br>Elementos de transporte | 60.000<br>24.500<br>- 5.000<br>2.000<br>40.000 | **Fondos propios**<br>Capital<br>Reservas | **126.500**<br>99.500<br>27.000 |
| | | **Pasivo non corrente** | **10.000** |
| | | Débedas a l/p | 10.000 |
| **Activo corrente** | **23.000** | **Pasivo corrente** | **8.000** |
| Mercadorías<br>Clientes<br>Bancos | 15.000<br>5.500<br>2.500 | Débedas a c/p<br>Provedores | 4.000<br>4.000 |
| **Activo total** | **144.500** | **Pasivo mais neto total** | **144.500** |

**13**. - A sociedade TEMPO SA presenta a seguinte información correspondente aos exercicios 2006 e 2007 (en euros):

| | Bancos c/c | Construcións | Débedas a curto prazo | Maquinaria | Provedores | Clientes | Mercadorías | Débedas a longo prazo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2006 | 30.000 | 180.000 | 45.000 | 14.000 | 22.000 | 45.000 | 70.000 | 60.000 |
| 2007 | 51.000 | 140.000 | 45.000 | 14.000 | 26.000 | 60.000 | 68.000 | 70.000 |

Pídese:

Clasifica o balance en masas patrimoniais e calcula a cifra de capital para cada un dos exercicios.

| ACTIVO | 2007 | 2008 | PASIVO E NETO | 2007 | 2008 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Activo non corrente** | **194.000** | **154.000** | **Patrimonio neto** | **212.000** | **92.000** |
| Construcións | 180.000 | 140.000 | Capital | *212.000* | *92.000* |
| Maquinaria | 14.000 | 14.000 | **Pasivo non corrente** | **60.000** | **70.000** |
| | | | Débedas a l.p. | 60.000 | 70.000 |
| **Activo corrente** | **145.000** | **179.000** | **Pasivo corrente** | **67.000** | **71.000** |
| Mercadorias<br>Clientes<br>Bancos | 70.000<br>45.000<br>30.000 | 68.000<br>60.000<br>51.000 | Débedas a c,p<br>Provedores | 45.000<br>22.000 | 45.000<br>26.000 |
| **Total** | **339.000** | **333.000** | **Total** | **339.000** | **333.000** |

O Capital obtense da formula **Patrimonio Neto = Activo – Pasivo**

**14**. - A empresa POLOSUR S.A. presenta a 31 de decembro de 2005, os seguintes saldos para as contas que afectan aos resultados (expresados en Euros):
Compras de mercadorías: 123.000
Vendas de mercadorías: 80.000
Salarios de persoal: 95.000
Intereses cobrados dunha conta corrente: 114.000
Gastos de teléfono: 11.000
Gastos de luz: 11.500
Intereses pagados ao banco por un préstamo: 117.000
Perdas procedentes da venda dun vehículo propiedade da empresa: 20.000
Pídese:
Elaborar a conta de Perdas e ganancias (tipo impositivo: 30%).

| PERDAS E GANANCIAS | |
|---|---|
| **INGRESOS DE EXPLOTACIÓN** | **80.000** |
| Vendas e ingresos | |
| • Vendas de mercadorías | 80.000 |
| **GASTOS DE EXPLOTACIÓN** | **260.500** |
| Compras | |
| • Compras de mercadorías | 123.000 |
| Servizos exteriores | |
| • Subministracións (Luz e telefono) | 22.500 |
| Gastos de persoal | |
| • Soldos e salarios | 95.000 |
| Deterioración e resultado por venta do inmobilizado | |
| • Perdas procedentes do inmobilizado material | 20.000 |
| **RESULTADOS DE EXPLOTACIÓN (+/-)=**<br>**INGRESOS DE EXPLOTACIÓN - GASTOS DE EXPLOTACIÓN** | **-180.500** |
| INGRESOS FINANCEIROS | |
| • Ingresos de valores representativos de débedas (renda fixa) | 114.000 |
| GASTOS FINANCEIROS | |
| • Intereses de débedas | 117.000 |
| **RESULTADOS FINANCEIROS (+/-)** =<br>**INGRESOS FINANCEIROS - GASTOS FINANCEIROS** | **-3.000** |
| **RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS =**<br>**RESULTADOS DE EXPLOTACIÓN + RESULTADOS FINANCEIROS** | **-183.500** |
| Menos Imposto sobre beneficios* = | ----- |
| **RESULTADO DO EXERCICIO (PERDA)** | **-183.500** |

Nota: Ó obter perda, non se aplica o imposto.